
Orzamentos Xunta de Galiza 2017



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.gal

ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALIZA PARA 2017

Dentro dun escenario optimista, cunha previsión de crecemento da economía galega do 2,4% e unha redución da taxa de paro ao 15,6% da poboación activa, o Goberno da Xunta propón uns orzamentos para o 2017 por un total de 10.801,14 millóns de euros, un 4,8% máis que o previsto no ano anterior.

O incremento do gasto redúcese ao 2,7% cando só temos en conta as operacións non financeiras, xa que unha parte importante do gasto -concretamente 1.755,8 millóns- se destina ao pagamento de débeda pública e outros activos financeiros, quedando 9.045,3 millóns para o resto dos gastos, un 2,7% máis que no ano anterior.

A previsión de endebedamento da Comunidade para o ano 2017 é de 2.030,66 millóns de euros, dos cales se destinan 1.608,17 a amortizar débeda, de aí que o incremento do endebedamento neto da comunidade se sitúe en 422 millóns de euros. Con este incremento o nivel de débeda estaría no 18,8% do PIB no ano 2017. En termos absolutos estaríamos falando de en torno aos 10.700 millóns de euros .

Se ao pagamento da débeda sumamos os gastos financeiros derivados desta (234,7 millóns para o ano 2017), estamos en torno aos 1.842.8 millóns, polo que máis do 17% do orzamento se destina a pagamento de xuros e amortización de débeda. Do novo endebedamento, pouco máis de 183 millóns se espallarían polo resto da economía.

Orzamento consolidado de gastos por capítulos. Distribución económica.

Capítulo	2016	2017	Variación
I. Gastos de persoal	3.566,89	3.614,80	1,3
II. Gastos en bens correntes e de servizos	1.482,69	1.570,60	5,9
III. Gastos financeiros	270,9	234,7	-13,4
IV. Transferencias correntes	2.014,52	2.117,20	5,1
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	7.335,11	7.537,50	2,8
V. Fondo de continxencia	52,03	36,10	-30,6
VI. Investimentos reais	777,37	805,50	3,6
VII. Transferencias de capital	639,91	666,00	4,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.471,28	1.471,60	0,0
T. GASTOS NON FINANCEIROS	8.804,44	9.045,30	2,7
VIII. Activos financeiros	152,95	147,60	-3,5

IX. Pasivos financeiros	1.352,84	1.608,10	18,9
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	1.505,79	1.755,80	16,6
Total Xunta	10.310,24	10.801,10	4,8

Fonte: Proxecto Orzamentos 2017.

A amortización de débeda (capítulo IX) é o gasto que máis se incrementa no ano 2017, concretamente un 18,9%.

O capítulo de gastos de persoal medra un 1,3%, o que non significa que este sexa o medre das retribucións do persoal funcionario e laboral, senón que este aumento é debido á recuperación das pagas pendentes, incremento de persoal e servizos sociais de centros residenciais, tal e como se explica na memoria que acompaña os orzamentos.

Os capítulos de gastos en bens correntes e de servizos e transferencias correntes prevese que medren os gastos por riba do 5%. Pero do lado do gasto, a distribución funcional deste permite unha visión moito máis clara do devandito gasto.

Distribución funcional dos gastos. Millóns de euros.

Grupos de función	2016	2017	Variación 17/18
1. Servizos de carácter xeral	262,3	265,3	1,1
Alta dirección da CA	35,5	36,2	2,0
Administración xeral	68,1	68,5	0,6
Xustiza	128,2	134,5	4,9
Administración local	15,6	13,2	-15,4
Normalización lingüística	6,7	6,8	1,5
Procesos electorais e órganos de representación política	7,9	5,9	-25,3
2. Protección civil e seguridade cidadá	24	25,5	6,3
Protección civil e seguridade	24	25,5	6,3
3. Protección e promoción social	856,6	915,7	6,9
Acción social e promoción social	642,6	669,3	4,2
Promoción do emprego e inst. do merc de traballo	209,9	241,9	15,2
Cooperación exterior	4,1	4,5	9,8
4.- Prod. de bens públ. de carácter social	5893,1	6063,9	2,9
Sanidade	3511,5	3611,4	2,8
Educación	2148,1	2209,4	2,9
Cultura	62,1	64,0	3,1
Deportes	19,6	19,2	-2,0
Vivenda	51,3	57,6	12,3
Outros servizos comunitarios e sociais	100,3	102,0	1,7
5.- Prod. de bens públicos de carácter ec.	828,3	830,8	0,3

Infraestruturas	276,6	284,5	2,9
Ordenación do territorio	15,5	16,9	9,0
Promoción de solo para actividades econ.	50,5	31,4	-37,8
Actuacións ambientais	119,3	121,3	1,7
Actuacións e valorización do medio rural	135,1	137,6	1,9
Investigación, desenvolvemento e innovación	130,6	135,3	3,6
Sociedade da información e do coñecemento	96,4	99,2	2,9
Información estatística básica	4	4,3	7,5
6.-Regulación económica de carácter xeral	83,5	80,4	-3,7
Actuacións económicas xerais	29,1	30,9	6,2
Actividades financeiras	54,4	49,5	-9,0
7.-Reg. económica de sectores prod. e desen. empresarial	643,2	672,2	4,5
Dinamización económica do medio rural	332	339,6	2,3
Pesca	82,3	93,5	13,6
Industria, enerxía e minería	62,9	57,1	-9,2
Desenvolvemento empresarial	108,7	118,9	9,4
Comercio	13,1	16,5	26,0
Turismo	44	46,4	5,5
8.-Transferencias a entidades locais	120,6	124,6	3,3
Transferencias a entidades locais	120,6	124,6	3,3
9.-Débeda pública	1598,2	1822,2	14,0
Débeda pública	1598,2	1822,2	14,0
TOTAL	10310,2	10801,1	4,8

Fonte: Proxecto Orzamentos 2017.

Se comezamos polo final, a función 9 -débeda pública- xa inclúe tanto a amortización como os gastos financeiros, e así vemos como é este grupo funcional o que máis medra deste orzamento, un 14% destinado a este fin, o que significado preto do 17% do total orzamentado.


O grupo con maior peso no orzamento é o 4 -producción de bens públicos de carácter xeral- (para o ano 2017, prevese que absorba o 56,1% do total do orzamento, no ano 2016 foi o 57,2%), xa que nel están incluído sanidade e educación; para o ano 2017 prevese un incremento deste grupo do 2,9%; incremento inferior á media e moi por debaixo das necesidades reais. Non debemos esquecer que foron dos servizos máis castigados polos recortes dos últimos anos.

Comezando por **sanidade**, a evolución foi a seguinte:

Evolución do gasto orzamentado en Sanidade. Millón de euros.

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Sanidade	3766,76	3.728,2	3.545,2	3.529,2	3.417,7	3.397	3408,7	3511,5	3611,4

Fonte: Proxecto Orzamentos 2017.



O gráfico reflicte claramente a importante caída que sufriu o gasto sanitario desde o ano 2009; aínda que nos últimos anos medrou, lonxe está dos valores do ano 2009. Polo medio quedaron recortes de servizos, privatizacións, medicamentos fóra do sistema, etc. Non debemos esquecer que o gasto sanitario por habitante se reduciu. Só no último ano pasou de 1.201uros a 1.083, cando na media estatal medrou desde os 1.138 do ano 2014 aos 1.162,78 de 2015.


A redución do gasto sanitario por habitante é máis grave cando afecta a unha poboación como a galega, moi avellentada, e polo tanto con maiores necesidades de atención sanitaria.

Coa **educación** pasa algo semellante, malia que nos dous últimos anos medraron os fondos destinados a esta. Porén, unha visión máis a longo prazo ofrece uns resultados nada optimistas.

Orzamento en educación. Millóns de euros.

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Educación	2404,45	2.379,7	2.222,4	2.210,3	2.066,8	2.047	2048,2	2148,1	2209,4

Fonte: Proxecto Orzamentos 2017.



No caso da educación, aínda estamos en valores por debaixo do ano 2012. Lonxe queda o orzamento do ano 2009, co agravante de que neste período se implantou a LOMCE, que requiriu dunha aplicación de fondos importante.


Foron recortes de persoal, loxicamente, os que explican esta caída. Algunhas das manifestacións deste descenso son visíbeis claramente nas aulas co incremento do número de alumnos por aula. Outras non, pero non por iso son menos graves, como a falta de persoal de apoio, non ofrecer determinadas especialidades en segundo que centros... Ademais no caso de Galiza, coa forte dispersión xeográfica e o desequilibrio territorial, fai que a media de alumnos por aula non reflicta claramente a problemática que hai en determinadas cidades, permitindo agochar a realidade.

Continuando cos gastos de carácter social -dentro do grupo 3-, inclúense tanto os gastos de **acción social como de promoción de emprego**. A evolución é como segue.

Acción e promoción social. Millóns de euros.

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
3. Protección e promoción social	1.000	1.033	975	952	768	752	768,4	856,6	915,7
Acción social e promoción social	568	637	613	606	562	565	571,2	642,6	669,3
Promoción do emprego e	420,2	386,8	354,4	339	202	183	193,1	209,9	241,9
Cooperación exterior	12	10	8	6	4	4	4,1	4,1	4,5

Fonte: Proxecto Orzamentos 2017.



Conxuntamente, o grupo presenta unha dotación de gasto inferior ao ano 2012, aínda que é certo que nestes últimos anos se incrementaron as partidas para estes programas, mais cunha desigual evolución das distintos subgrupos.

Os fondos destinados a acción e promoción social son, para o ano 2017, os máis elevados de toda a serie analizada. Neste subgrupo, está incluído o programa de atención á dependencia, que absorbe máis do 50% do subgrupo (338 millóns orzamentados para o ano 2017, no ano 2016 a previsión de gasto era de 324 millóns). Sen menosprezar o importe e o incremento, non debemos esquecer que as necesidades deste programa son maiores. Cómpre lembrar que rematou o ano 2015 con máis de 23.000 persoas coa dependencia recoñecida e non atendida polo sistema.

Á RISGA (Renda de Integración Social de Galiza), tamén incluída neste subgrupo, destínanse 57,4 millóns de euros para o ano 2017; para o ano 2016 foran 52 millóns os previstos inicialmente. Como sempre dicimos, é fundamental a protección das persoas máis necesitadas, e nese sentido valoramos estes fondos, pero non debemos esquecer que esta partida medra, non por un xiro social do Goberno galego, senón porque froito da súa xestión cada día hai máis persoas en risco de exclusión social e por tanto con dereito a percibir a RISGA. Mentres continúe habendo lista de espera para acceder a RISGA, os fondos nunca serán suficientes.

Un ano máis conxélanse os fondos destinados tanto a conciliación (1,2 millóns) como a promoción, igualdade e protección social (6,9 millóns), da muller.


Si aumentan, de 3,9 a 5,2 millóns, os destinados a protección e apoio ás vítimas da violencia de xénero.

Os fondos destinados a **protección e promoción de emprego** teñen unha evolución moi desigual dependendo dos programas de que se trate:

Evolución dos principais programas de promoción do emprego.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Mellora e fomento da empregabilidade	99	40	37,6	50,7	53,5	43,4
Promoción do emprego autónomo	54	43	41	37,8	45	77,3
Formación profesional desempregados	98,9	72	68,3	68,2	75	80,4
Mellora da cualificación do emprego	32,4	6,6	6,6	6	6,5	11,2
Total	284,3	161,6	153,5	162,7	180	212,3

Fonte: Proxecto Orzamentos 2017.



A pesar do incremento destes últimos tres anos, a partida destinado a emprego é practicamente a metade que a destinada no ano 2009, cando había 100.000 ocupados/as máis, unha taxa de paro moi inferior á da actualidade e sen a mocidade emigrando.

Xunto á escaseza de fondos estase producindo un cambio cuantitativo nas políticas de emprego. O Goberno da Xunta aposta claramente polo emprego autónomo e a el dedica a maior parte do incremento de fondos para o ano 2017, concretamente 32 millóns máis que no ano 2016, acadando así os 77 millóns de euros este programa. Esta aposta do Goberno galego de apoio preferentemente ao emprego autónomo é a saída fácil, convertendo o problema do emprego nun problema individual, responsabilidade das capacidades profesionais e persoais de cada individuo e polo tanto tamén do fracaso se non ten un emprego de calidade, e ao mesmo tempo tamén, é unha maneira de fornecer ao mercado laboral unha masa importante de man de obra barata, sen horario de traballo, sen convenio, sen dereito a folga ou desemprego e moi individualista. Todo un referente do modelo de mercado laboral e de sociedade que promove o PP.

A formación, tanto de persoas desempregadas como de ocupadas, tamén recibe un incremento da contía; aínda así, os fondos destinados a estes dous programas son moi inferiores aos do ano 2012 e anteriores. O incremento destes recursos supomos que garda relación cos recursos non investidos durante o 2016 en formación continua ao non efectivizar a Xunta a convocatoria correspondente ao período 2015-2016. Por suposto esta actitude irresponsábel e inxustificada da Xunta de Galiza non lle impide seguir facendo demagogia coa importancia da formación dos traballadores e traballadoras para atopar emprego e mellorar a capacidade produtiva e a competitividade das empresas.

Dentro deste subgrupo, o programa que perde fondos con respecto a 2016 é o de mellora e fomento da empregabilidade; a previsión é de 10 millóns de euros menos que no ano 2016, co que conta con 43,4 millóns para o ano 2017.

No que atinxe ao grupo 5 -produción de bens públicos de carácter económico- en conxunto medra un 0,3% a súa dotación, con importantes diferenzas entre os distintos subgrupos. Destaca a caída dun 37,9% na promoción de solo para actividades económicas, así como o incremento dun 8% para ordenación do territorio. O destinado a investigación e a sociedade do coñecemento medra por riba do 3%.

Á regulación económica dos sectores produtivos prevese destinar 672,2 millóns de euros en 2017, un 4,5% máis que no ano 2016. Quizais o máis salientábel deste grupo é o descenso dos fondos destinados a industria, minaría e enerxía, un 9,1% menos que no ano 2016. Os maiores incrementos son para pesca e desenvolvemento empresarial.

A meirande parte dos fondos para cubrir estes gastos proveñen de operacións correntes, aínda que o endebedamento se incrementou fortemente como dixemos anteriormente.

Orzamento de ingresos. Millóns de euros.

Capítulos	2016	2017	Variación
I. Impostos directos	2.194,20	2.236,20	1,9
II. Impostos indirectos	3.242,70	3.226,40	-0,5
III. Taxas, prezos e outros ingresos	178,6	168,7	-5,5
IV. Transferencias correntes	2.392,60	2.483,30	3,8
V. Ingresos patrimoniais	16,00	8,90	-44,4
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	8.024,40	8.123,70	1,2
VI. Alleamento de investimentos reais	13,00	7,00	-46,2
VII Transferencias de capital	583,90	609,80	4,4
T. INGRESOS NON FINANCEIROS	8.621,30	8.740,40	1,4

VIII. Activos financeiros	32,40	29,80	-8,0
IX. Pasivos financeiros	1.656,40	2.030,60	22,6
TOTAL INGRESOS FINANCIEROS	1.688,80	2.060,50	22,0
TOTAL INGRESOS	10.310,20	10.801,10	4,8

Fonte: Proxecto Orzamentos 2017.

A maior partida de ingresos destes orzamentos provén dos impostos indirectos, onde o IVE e os impostos especiais achegan a maioría do capítulo, e isto a pesar de que para 2017 se prevé unha recadación menor de ambos os impostos.

A tarifa autonómica sobre a renda das persoas físicas é a que achega a maior contía do capítulo I; para o ano próximo prevese que medre un 1,7% a recadación a través do IRPF. A achega a través do imposto sobre patrimonio tamén medra; e do resto dos impostos directos estímase unha recadación menor que no ano 2016.

Dentro das transferencias correntes, o concepto de ingresos que recolle a participación da Comunidade Autónoma no sistema de financiamento, incrementa o seu importe en 63,5 millóns de euros. Xunto a este, está o incremento, en máis de 21 millóns, de organismos autónomos do Estado. Ambas as partidas explican, practicamente, o incremento do capítulo, xa que os fondos da Unión Europea se manteñen preto dos mesmos valores que no ano 2016.

Con esta achega á economía galega a Xunta estima un crecemento do PIB do 2,4%, crecemento moi inferior á previsión de crecemento para 2016, xa que se prevé que remate este ano cun medre do PIB do 3,1%, segundo se estima na memoria dos propios orzamentos.

A taxa de paro estimada para o ano 2017 nos orzamentos é do 15,6%, preto de dous puntos inferior á do ano 2016.

É probábel que as previsión de crecemento económico sexan, ou estean preto, das estimadas nos orzamentos para o ano 2017. O prezo do diñeiro, as importantes axudas ao investimento, as axudas á contratación, etc., deberían, cando menos, acadar estas cifras, xa que son moitos os fondos públicos que directa ou indirectamente se están destinando a este fin.

Outro tema é como este crecemento vai beneficiar a clase traballadora, e aí é onde nós cremos que os orzamentos non cumpren coa súa función, xa que crecemento económico está habendo nos últimos anos, mais un crecemento a custa de competir vía salarios. Sirva como proba disto a caída, nos últimos anos, da participación das persoas asalariadas na PIB, ao que ten contribuído significativamente a depreciación salarial derivada das reformas laborais aprobadas polos últimos gobernos.

Non só precarizaron as condicións laborais, empobrecendo a unha parte importante da clase traballadora e incrementando así fortemente as desigualdades sociais, senón que ao reducir os gastos sociais (en educación, sanidade, medicinas, etc.) están agravando a xa maltreita situación economía dos traballador@s e pensionistas.

Nestes orzamentos para o ano 2017 non se aprecia ningún cambio de política que nos permita ser optimistas ante esta problemática social; máis ben ao contrario.

Galiza, xaneiro de 2017